

TEMA 1.- ARTE GREGA: COMENTARIO DO DISCÓBOLO DE MIRÓN

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Discóbolo. Escultura exenta ou de vulto redondo da arte grega realizada na Época clásica, no século V a. C., coñecido como "Século de Ouro" ou "Século de Pericles". Autor: Mirón. Material: copia en mármore sen policromar. A obra orixinal era en bronce (único material empregado por Mirón, que era un excelente bronzista) e estaba policromada.

c.- Analiza e comenta a obra:

POÑER O SEGUINTE NOS COMENTARIOS DE ESCULTURA

A escultura é a manifestación artística máis importante da Grecia antiga, na que os gregos levaron a cabo unha auténtica revolución. As súas características máis salientables son:

- O tema principal é a figura humana perfecta, de beleza ideal, por iso elixiron para representala o momento da súa plenitude física (atletas); incluso os deuses terán aparencia humana e será difícil distinguilos dos seres humanos. É tamén unha escultura feita a escala humana (cun tamaño semellante ao natural).
- O nu é unha das grandes achegas da escultura grega ao mundo da arte: o home perfecto é o home nu.
- Os gregos cultivaron tanto a escultura exenta (estatua) como o relevo: o que decoraba os frontóns e frisos dos templos chámase escultura monumental.
- Utilizan sobre todo dous materiais nobres: o mármore e o bronce; tamén se realizan esculturas criselefantinas (en ouro e marfil).
- As esculturas adoitaban estar policromadas (ollos, cabelos, vestidos, carnes...) buscando un maior naturalismo e unha maior beleza. Hoxe temos unha visión deformada delas pois, ou ben perderon a policromía orixinal (só algunhas conservan restos), ou ben son copias romanas que non estaban policromadas.
- É unha escultura que evolucionou moito.


Entre os escultores do período clásico destaca **Mirón**, unha de cuxas estatuas máis famosas é o **Discóbolo**, figura masculina núa, nova e de tamaño similar ao natural que presenta a un atleta no momento en que se dispón a lanzar o disco. É unha escultura exenta que representa un tema característico da escultura grega: o do atleta na súa plenitude física.

As esculturas masculinas da época arcaica, coñecidas como kouroi, representábanse de pé, inmóbiles, ríxidas e moi estables (coas dúas pernas apoiadas firmemente no chan), o Discóbolo de Mirón aparece encollido e coas pernas dobradas, desaparecendo a rixidez da época arcaica: esta posición provoca sensación de movemento e inestabilidade. Descarga todo o peso do corpo sobre a perna dereita apoiando firmemente o pé no chan namentres a perna esquerda só o

toca coas puntas das dedas, quedando liberada (nas esculturas arcaicas ambas pernas sostían o peso do corpo).

O escultor quixo captar un instante fugaz previo ao lanzamento, o de maior tensión, cando o atleta impulsa o disco cara atrás e comezará a dar voltas sobre si mesmo para lanzalo.

O maior logro do Discóbolo é a súa atrevida composición:



- Dúas longas curvas que se opoñen: unha que vai desde a cabeza pasando pola cadeira e chegando aos pés, e a outra que vai desde o brazo dereito situado cara atrás ata o esquerdo apoiado no xeonllo dereito; con ambas curvas imprime ao corpo un movemento violento e desequilibrado. Unha liña en zig-zag (formando triángulos) que se inicia no brazo dereito pasa pola cadeira e polo xeonllo dereito e remata no pé esquerdo.

- Un perfil curvilíneo (en forma de S), que produce grande sensación de movemento e desequilibrio, fronte ao perfil recto das esculturas arcaicas, que producían sensación de inmovilidade e equilibrio.

A escultura está feita a escala humana, cun tamaño semellante ao natural fronte ao colosalismo dos kouroi. É unha figura esvelta e proporcionada que quere representar o ser humano perfecto e a beleza do corpo humano.

O estudo anatómico é moito máis profundo e naturalista que na época arcaica: os músculos están definidos, aínda que son planos; grazas a eles percibimos a tensión do corpo. Os cambios no tratamento da cabeza son considerables: cabelo curto e pegado ao cranio conferíndolle unha forma esférica (para os gregos a esfera era a figura xeométrica perfecta, polo tanto, a máis adecuada para representar a parte racional do ser humano: a cabeza), orellas cun tamaño normal, ollos naturais, nariz recto, labios carnosos e sensuais. No Discóbolo obsérvase un elemento característico deste período: o rostro é totalmente inexpresivo (serio, frío), non reflicte para nada o grande esforzo que está a facer o corpo; isto chama aínda máis a atención porque este atleta -segundo din as crónicas- morreu tras lanzar o disco.

A pesar dos seus avances, o Discóbolo aínda presenta unha serie de características que o enlazan coa época arcaica: parece que xa rompeu coa lei da frontalidade pero o punto de vista predominante segue a ser o frontal; a pesar de ser unha escultura exenta, non sae do seu plano polo que non hai profundidade (parece un relevo).

